



ENTROIDO 2012

DESFILE DE DISFRACES E CARROZAS MARTES 21 DE FEBREIRO, ÁS 17:00 HS. VILAGARCÍA DE AROUSA

BASES

1. Establécense os seguintes premios:

Categoría de ADULTOS (de 14 anos en adiante):

GRUPOS		INDIVIDUAIS ou PARELLAS	
Primeiro	600 euros	Primeiro	250 euros
Segundo	400 euros	Segundo	200 euros
Terceiro	300 euros	Terceiro	100 euros

Categoría INFANTIL (ata 14 anos):

GRUPOS		INDIVIDUAIS ou PARELLAS	
Primeiro	300 euros	Primeiro	200 euros
Segundo	200 euros	Segundo	150 euros
Terceiro	150 euros	Terceiro	100 euros

2. O concurso será fallado por un xurado que nomeará a Concellería de Cultura, e que estará formado por persoas relacionadas coa cultura, música, información, deseño, xornalismo e outros, con total e absoluta independencia de actuación e toma de acordos baixo o criterio fixado nas bases. O xurado, non identificado como tal, estará observando as evolucións dos participantes durante o desenvolvemento do concurso.
3. O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos: animación, espectacularidade, orixinalidade, espontaneidade, conxunción e a animación musical.
4. O xurado, se o estima oportuno, poderá declarar premios desertos.



5. Non se permite a participación no desfile/concurso con animais vivos.
6. Os participantes neste concurso formarán parte dun desfile que sairá ás 17:00hs. da rúa Elpidio Villaverde/Avda. Mariña, percorrendo rúas céntricas de Vilagarcía. Os participantes deberán estar en posición de saída antes das 17:00 horas. Aqueles que participen cun vehículo, carroza ou artefacto de grande dimensións, deberán notificalo á organización para a súa colocación previa na explanada do Auditorio.
7. Ás 17:00 hs., na saída do desfile e ó longo do mesmo faranse varios controis por parte da organización, polo que deben pasar todos os participantes.
8. O prazo de inscrición será ata o día martes 21 de febreiro (inclusive) na Concellería de Cultura (Auditorio de Vilagarcía) antes das 13:00 horas.
9. No momento da inscrición entregarase a cada participante unha cartolina cun número, que deberán levar nun lugar visible na parte dianteira do seu disfraz ou grupo. En caso contrario quedarán fóra do concurso.
10. O fallo do xurado será inapelable e a participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento os participantes deberán cumprir as indicacións da organización. Corresponde á Concellería de Cultura a interpretación das bases no aspecto que fose preciso.
11. Os premios daranse a coñecer ao remate do desfile, sobre a 20:30 horas no Baile de Entroido na Praza da Peixería, e serán entregados a partir do día seguinte na Concellería de Cultura (Auditorio) en horario de 9 a 14 horas.